

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
SILLEDA

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS DE ENSINO FÓRA DO HORARIO LECTIVO DO CONCELLO DE SILLEDA (EXPTE. 132/2019)

A N U N C I O

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS DE ENSINO FÓRA DO HORARIO LECTIVO DO CONCELLO DE SILLEDA (Expte. 132/2019)

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público (BOP n.º 74 do 16.04.19), queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio do regulamento de organización e funcionamento do servizo do programa lúdico educativo de apertura de centros de ensino fora do horario lectivo, cuxo texto íntegro faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**“REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO
DO PROGRAMA LÚDICO EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS DE ENSINO
FÓRA DO HORARIO LECTIVO DO CONCELLO DE SILLEDA**

ARTIGO 1.—OBXECTO

O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e funcionamento así como o procedemento da adxudicación de prazas do Servizo Lúdico Educativo de Apertura de Centros fóra do horario lectivo do Concello de Silleda.

ARTIGO 2.—ÁMBITO DE APLICACIÓN

Constitúe o ámbito de aplicación do presente regulamento o Servizo Lúdico Educativo de Apertura de Centros fóra do horario lectivo de Silleda, que se configura como equipamento diúrno dirixido á poboación desde o primeiro curso de Educación Infantil ata o sexto curso de Educación Primaria.



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

ARTIGO 3.—FUNCIÓN

Ademais da función de conciliación de vida laboral e familiar, este servizo ten unha función claramente educativa e lúdica a través do xogo e doutras actividades de ocio. Será un espazo onde se fortaleza o desenvolvemento das habilidades e capacidades persoais e aspectos de saúde, integrando a dimensión cognoscitiva, afectiva e social dos nenos e nenas.

O servizo cumpre unha función eminentemente social e educativa, proporcionando aos seus usuarios/as unha atención integral sen distinción de raza, sexo ou condición social, a través dun programa global que garanta o pleno desenvolvemento físico intelectual, afectivo e social das crianzas.

Dende o do Servizo Lúdico Educativo de Apertura de Centros fóra do horario lectivo do Concello de Silleda cooperarase coas familias ou representantes legais co fin de acadar a conciliación da vida familiar e laboral.

ARTIGO 4.—OBXECTIVOS

- Proporcionar as familias un recurso que facilite a conciliación entre vida laboral e familiar.
- Ofrecer aos menores unha alternativa de ocio educativo para os seus espazos de tempo libre, onde poidan gozar do tempo de ocio de forma socializadora, construtiva e san.
- Integrar as actividades educativas nun espazo lúdico que permita:
 - Desenvolver as potencialidades individuais dos rapaces/as (capacidades intelectuais, físicas e psicolóxicas).
 - Fomentar a creatividade, imaxinación, curiosidade, inquiredanzas.
 - Promover a comunicación e as relacións asertivas
- Programar actividades específicas adaptadas ás particularidades dos/as participantes do servizo.
- Aportar ás familias unha garantía de tranquilidade da custodia dos seus fillos e fillas.
- Favorecer a integración positiva e igualitaria das nenas e nenos fomentando as relacións de amizade e a cohesión do grupo.
- Estimular as capacidades formativas da/o alumna/o.
- Promover as capacidades dos menores que teñen necesidades educativas especiais, fomentado nexos colaboradores con outros profesionais externos.
- Establecer un lazo comunicativo entre os pais, nais e/ou titores ou representantes legais dos rapaces de cara unha adecuación das actividades, asesoramento e mutua colaboración naquelas situacións que requira o menor.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HX6CN1UUPFWJN00W



— Reforzar os contidos escolares e practicar a través das técnicas de estudo, vivencias experimentais e reais e a súa utilidade na vida diaria.

— Aumentar a motivación dos menores de cara o estudo escolar a través dos seus intereses, curiosidades e inquiredanzas, facendo unha valoración obxectiva dos seus logros e resolución de problemas, co fin de e adquirir unha autovaloración positiva.

— Fomentar a resolución de conflitos no entorno próximo a través da comunicación asertiva, e a asumir as normas establecidas nos contextos sociais baixo un seguimento obxectivo e crítico.

— Reforzar o coñecemento do medio onde se vive así como actitudes de respecto e valoración do mesmo.

ARTIGO 5.—PROCEDEMENTO DE INGRESO

Poderán solicitar praza no Servizo Lúdico Educativo de Apertura de Centros fóra do horario lectivo do Concello de Silleda, os nenos e nenas de educación infantil e primaria empadroadas no Concello de Silleda. En canto as inscricións excedan o número máximo de prazas, quedaran nunha listaxe de agarda para cubrir as baixas que puidesen formalizarse.

No momento do seu ingreso, abriráselles un expediente persoal no que constarán, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfono para avisos en casos de urxencias, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada.

ARTIGO 6.—SOLICITUDES E ADMISIÓN

Os pais ou tutores dos menores interesados, presentarán a solicitude de inscrición no Rexistro Xeral do Concello no prazo que se fixe. O modelo de inscrición facilitaráselle no Rexistro Xeral, no Departamento de Servizos Sociais e na web municipal.

Estas solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

1) Documentación xustificativa da situación familiar:

a) Copia do Libro de Familia, ou de ser o caso, copia do Certificado Literal de nacemento onde apareza o/a menor para o que se solicita o ingreso.

b) Volante de convivencia expedido polo Concello.

c) A acreditación da situación de familia monoparental poderá realizarse mediante sentenza de separación/divorcio, certificado de defunción, resolución xudicial de situación de violencia, libro de familia, ou carné de familia monoparental.

2) Documentación xustificativa da situación económica:

a) Copia da última declaración da renda, de todos os membros da unidade familiar. No caso de non estar obrigados á presentación da mesma poderá realizarse mediante nóminas, certificado de empresa, certificado de pensións ou calquera outro documento que os avale unido á declaración xurada de non percibir outros ingresos.



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

b) Os profesionais autónomos acreditarán tamén os pagamentos fraccionados do ano correspondente.

c) No caso de familias monoparentais considérase a renda da persoa que exerza a garda e custodia, de ser esta compartida, entregaranse as rendas de ambos proxenitores.

3) Documentación xustificativa da situación laboral ou de cursar estudos oficiais:

a) A última nómina ou xustificación da situación laboral no momento da solicitude con especificación da xornada laboral.

b) No caso de cursar estudos oficiais, certificación que acredite tal circunstancia para o curso correspondente.

c) Tarxeta de desemprego.

4) Outros documentos acreditativos de todas aquelas situacións familiares que sexan susceptibles para a adxudicación das prazas.

5) Documentación complementaria:

a) Fotocopia tarxeta sanitaria ou documento equivalente.

b) Impreso de domiciliación bancaria.

ARTIGO 7.—CRITERIOS DE PRIORIDADE PARA A ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS

Procedemento:

1º. Familias nas que os dous proxenitores/titores traballen. No caso das familias monoparentais, a persoa que ostente a garda e custodia e acredite estar traballando. Daráselle prioridade as familias coa renda per cápita máis baixa e as familias derivadas mediante informe da Traballadora Social.

2º. Familias nas que acredite estar traballando un dos proxenitores, dándolle prioridade as rendas máis baixas.

3º. Familias nas que non traballen os proxenitores.

No caso de que o número de inscritos supere o número de prazas ofertadas, atenderase aos requisitos anteriores na orde en que aparecen, en caso de empate por orde de rexistro de entrada.

As solicitudes non admitidas por falta de prazas configurarán unha listaxe de agarda. As vacantes que se produzan serán cubertas seguindo os criterios anteriormente expostos.

No suposto de que se dispoña de prazas vacantes poderán participar nas actividades rapazas e rapaces que non estean empadroados no Concello de Silleda e que os pais acrediten actividade laboral no termo municipal.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:HX6CN1UUPFWJN00W



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

ARTIGO 8.—QUENDAS

As quendas establécense unicamente para o Campamento de Verán, podendo solicitarse de:

- mañá de 9:00–14:00 horas
- tarde de 16:00–20:00 horas
- medio mes (por quincena correlativa)

ARTIGO 9.—RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E LISTA DE AGARDA

Concluído este proceso comunicaráselle as familias a obtención de praza e a taxa correspondente.

ARTIGO 10.—BAIXAS

Causarase baixa no Servizo Lúdico Educativo de Apertura de Centros fóra do horario lectivo do Concello de Silleda por algunha das circunstancias seguintes:

- Por solicitude dos pais ou representantes legais.
- Por falta de pagamento de dous recibos da cota establecida.
- Por comprobación de falsidade dos documentos ou datos achegados.
- Por falta de asistencia continuada durante 1 mes sen causa xustificada.
- Por incumprimento reiterado das normas do Servizo Lúdico Educativo de Apertura de Centros fóra do horario lectivo do Concello de Silleda.

ARTIGO 11.—HORARIOS DO SERVIZO

O servizo desenvolverase de luns a venres, durante o curso escolar, agás festivos e non lectivos:

Tardes: De 15:00 a 21:00 horas

Durante as vacacións de Nadal e Verán de luns a venres, agás festivos:

Mañás: De 9:00 a 14:00 horas

Tardes: De 16:00 a 20:00 horas

O programa Esperta connosco prestarase só no caso de acadar o número suficiente de participantes.

ARTIGO 12.—CUSTO E PAGAMENTO DO SERVIZO

O prezo pola asistencia o Servizo Lúdico Educativo de Apertura de Centros fóra do horario lectivo do Concello de Silleda será o que estableza a Ordenanza Reguladora do Servizo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:HX6CN1UUFVWJN00W



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

ARTIGO 13.—NORMAS DE SAÚDE, HIXIENE E NUTRICIÓN

1.—Non serán admitidos/as os/as nenos/as que padezan enfermidades infecto-contaxiosas. A aparición destas enfermidades deberá ser comunicada polos/as pais/nais, titores/as ou representantes legais a Coordinador/a do Servizo.

2.—No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos nenos/as, avisaranse os/as seus/súas pais/nais, representantes legais ou titores/as, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os/as demais nenos/as.

3.—No caso de que o menor padeza algún tipo de alerxia os pais/titores deberán informar por escrito ao persoal do Servizo.

4.—No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no Servizo despois das primeiras atencións “in situ” e, á maior brevidade posible, poñerase a dita circunstancia en coñecemento dos/as pais/nais, titores/as ou representantes legais do/a neno/a.

5.—Nos casos nos que se deban administrar medicinas ós/ás nenos/as, deberán ir acompañadas da receitas médicas actualizadas, nas que constará o nome do/a neno/a, o nome do medicamento e como debe administrarse así como a periodicidade. Non se lles administrará ningunha medicación que non veña acompañada da devandita receita e a correspondente autorización por escrito dos/as pais/nais, titores/as ou representantes legais.

ARTIGO 14.—A LINGUA

Atendendo a Ordenanza Municipal De Normalización Lingüística do Concello de Silleda, a lingua utilizada no Servizo será o galego. Atenderase de xeito individualizado aqueles/as nenos/as do grupo que non teñan coñecemento suficiente da lingua galega.

ARTIGO 15.—FOMENTO DA IGUALDADE DOS NENOS E NENAS

1.—O Servizo Lúdico Educativo de Apertura de Centros fóra do horario lectivo do Concello de Silleda programará actividades para promover a igualdade entre os/as nenos/as e evitar os comportamentos e as actividades discriminatorias. As ditas actividades reflectiranse nos proxectos educativos.

2.—Poñerase especial coidado en revisar aqueles materiais e ilustracións que se utilicen como instrumentos de traballo. Así mesmo vixiará que no uso da linguaxe se adopten expresións e formas non discriminatorias.

3.—Prestarase especial atención ao fomento da interculturalidade como instrumento de superación das desigualdades, inxustizas, prexuízos e racismo.

ARTIGO 16.—PRAZAS RESERVADAS POR MOTIVOS DE EMERXENCIA SOCIAL.

1.—Poderán cubrirse ata cinco prazas por motivos de emerxencia social.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HX6CN1UUPFWJN00W



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

2.—A cobertura de prazas por este procedemento terá por obxecto resolver as situacións de emerxencia que afecten ás persoas ou familias as que sobreveñansituacións de necesidade ou vérense privados dos medios de vida primarios e imprescindibles. A súa finalidade será dispensar unha atención básica e urxente no momento en que estas situacións de necesidade se produzan. Apoiar aquelas persoas, familias, ou unidade de convivencia que carecen de recursos económicos para satisfacer as súas necesidades básicas, ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

3.—As persoas beneficiarias deberán reunir os requisitos establecidos na ordeanza de emerxencia social.

4.—O procedemento de aprobación e o réximen de fiscalización será o mesmo que o establecido para as axudas de emerxencia social.

Disposición adicional 1ª

Facúltase ao Alcalde/Alcaldesa-Presidente/a de Concello da Estrada a ditar todas as disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento do presente regulamento.

Disposición adicional 2ª

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da provincia e transcorrido o prazo previsto polo artigo 65.2 da lei 7/85, permanecendo en vigor ata que o Pleno da Corporación acorde a súa modificación ou derogación.

Disposición adicional 3ª

Para o non previsto neste Regulamento estarase ao disposto na Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, Lei 7/85 de 2 de abril e regulamentos que a desenvolven e na Lei 13/08, do 3 de decembro de Servizos Sociais, Lei 3/97 do 9 de xuño galega da familia, a infancia e adolescencia e demais normativas autonómicas de protección da familia, infancia e menores.

Disposición adicional 4ª

Calquera disposición, legal ou regulamentaria, que entre en vigor a partires da aprobación e publicación deste Regulamento, será directamente aplicable e de obrigado cumprimento en relación coas materias obxecto do mesmo, sen necesidade de proceder á súa previa modificación puntual, agás cando se trate de modificacións substanciais ou de fondo, en cuxo caso, sen prexuízo da súa inmediata aplicación, obrigará a unha revisión administrativa do texto co gallo da súa adaptación, no improrrogable prazo de 3 meses.”

Silleda, 05 de xuño de 2019

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:HX6CN1UUPFWJN00W

